



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



Data Rexistro: 10/11/2020 09:08:38
Nº Rexistro: 2020004432

SAÍDA

Susana López Abella
Secretaria xeral de Igualdade Xunta de Galicia
Edificio administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

Estimada Susana,

Recordarás que durante a xornada sobre comunicación, igualdade e violencia contra as mulleres, organizada pola Universidade de Vigo na Facultade de Ciencias Sociais do campus pontevedrés, fixen un recoñecemento público no que, por enriba de cores políticas, te felicitaba abertamente pola túa posición rotunda a favor do abolicionismo da prostitución.

Por iso, coñecendo a túa sensibilidade, estou segura de que esta demanda que hoxe che traslado non caerá en saco roto. Nestes difíciles momentos de pandemia, nos que todas as persoas estamos sufrindo consecuencias de todo tipo, estanse tomando decisións moi restritivas para sectores fundamentais da nosa economía mentres, sorprendentemente, os clubs de alterne e os prostíbulos desapareceron totalmente da axenda de toma de decisións de todas as administracións, o que é intolerable.


É evidente que estes locais son un foco de contaxio e nesta provincia, lamentablemente xa sufrimos algúns casos nalgúnha localidade. Polo tanto non podemos seguir neste limbo de indecisión e debemos actuar, non só da mesma forma que se actuaría en calquera outro ámbito, senón con aínda maior rotundidade, porque non podemos esquecer que estas mulleres son escravas, vulnerables e debemos protexelas.

Ninguén se acorda delas nesta pandemia, polo que che solicito que instes a quen corresponda a que se modifique a actual Orde de restricións da Xunta de Galicia para que se inclúan os prostíbulos e os locais de alterne na lista de establecementos que deben permanecer pechados.

E unha vez pechados, pedimos tamén que se faga en colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado un control particular sobre eles, e que por parte da Administración autonómica se habiliten axudas económicas para que estas mulleres non queden nunha situación de extrema vulnerabilidade.

Confío na túa sensibilidade sobre este asunto e trasládaloche a miña disposición para colaborar contigo nesta xusta demanda, que espero que poida ser o inicio do peche permanente destes centros que son unha verdadeira lacra para unha sociedade xusta e igualitaria.

Pontevedra, 10 de novembro 2020



María del Carmen Silva Rego
Presidenta da Deputación de Pontevedra